

Exposición **MARATÓN FOTOGRÁFICO**

Concello de Vigo

XXIV edición 2019



Organiza: AFG Agrupación Fotográfica Galega

MARCO, Espazo Anexo

Do 15 novembro 2019 ao 12 xaneiro 2020

Horario: de martes a venres de 17.00 a 21.00; sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00; domingos de 11.00 a 14.30 [Pechado 24, 25 e 31 decembro; 1 xaneiro]

Dende o 15 de novembro, o Espazo Anexo do MARCO exhibe os traballos presentados na máis recente convocatoria do **Maratón Fotográfico "Concello de Vigo"**. Organizado pola **AFG Agrupación Fotográfica Galega**, o Maratón alcanzou neste ano 2019 a súa XXIV edición, que tivo lugar a finais do mes de setembro (sábado 28 e domingo 29), ao longo de 24 horas e en torno a catro temas propostos pola organización.

A presentación tivo lugar o venres 15 de novembro, no transcurso dun acto no que os membros do xurado —Isaura Docampo, Verónica Vicente, Paula Pérez, Roberto Alonso, e Iñaki Matilla— deron a coñecer os traballos gañadores desta edición: 1º premio: Jose Luis Pereira Pérez; 2º premio: Belén Chorén Sánchez; 3º premio: María Isabel Santos Martínez

A exposición

Simbiose, Sinerxía, Harmonía, Espertar

O Espazo Anexo do MARCO acolle unha mostra dos traballos presentados nesta XXIV edición do Maratón en torno aos catro temas propostos: *Simbiose, Sinerxía, Harmonía, Espertar*. De todas as obras presentadas, un xurado de selección elixiu **17 series** que se expoñen en formato panel, xunto ás obras presentadas por todos os participantes, que se exhiben tamén nun formato menor. A mostra, que permanecerá aberta ata mediados de xaneiro, é un referente para grande cantidade de persoas afeccionadas á fotografía, participantes ou non no maratón. Unha oportunidade para gozar dun conxunto de imaxes diversas nas súas características formais e técnicas, e para comprobar o xeito en que cada participante elixiu representar os catro temas con orixinalidade e coherencia.

O Maratón Fotográfico e a AFG

A Agrupación Fotográfica Galega, fundada en 1946 e aberta a todos os amantes da fotografía e do cinema, foi pioneira en Galicia e veu desenvolvendo dende entón un importante labor, con actividades de formación e divulgación como cursos de fotografía ou encontros sobre foto e cinema. Foi en 1995 cando a AFG organizou o seu primeiro Maratón Fotográfico 'Concello de Vigo', que daquela se incluía dentro das festas da Semana Grande. A partir de aí, o Maratón nunca deixou de celebrarse, se ben cambiou varias veces de espazo de exposición, evolucionou no seu formato e duración, e se adaptou aos cambios derivados dos avances técnicos e da fotografía dixital. Hoxe en día, aberto á participación de calquera persoa interesada e afeccionada á fotografía, o certame artículase en torno a catro eixes: 24 horas de duración, 4 temas propostos pola organización, 20/25 series seleccionadas, e 3 series gañadoras.

Exposición **MARATÓN FOTOGRAFICO**

Concello de Vigo

XXIV edición 2019



Organiza: AFG Agrupación Fotográfica Galega

MARCO, Espazo Anexo

Del 15 noviembre 2019 al 12 enero 2020

Horario: de martes a viernes de 17.00 a 21.00; sábados de 11.00 a 14.30 y de 17.00 a 21.00; domingos de 11.00 a 14.30 [Cerrado 24, 25 y 31 diciembre; 1 enero]

Desde el 15 de noviembre, el Espazo Anexo del MARCO exhibe los trabajos presentados en la más reciente convocatoria del **Maratón Fotográfico "Concello de Vigo"**. Organizado por la **AFG Agrupación Fotográfica Galega**, el Maratón alcanzó en este año 2019 su XXIV edición, que tuvo lugar a finales del mes de septiembre (sábado 28 y domingo 29), a lo largo de 24 horas y en torno a cuatro temas propuestos por la organización.

La presentación tuvo lugar el viernes 15 de noviembre, en el transcurso de un acto en el que los miembros del jurado —Isaura Docampo, Verónica Vicente, Paula Pérez, Roberto Alonso, e Iñaki Matilla— dieron a conocer los trabajos ganadores de esta edición: **1º premio: Jose Luis Pereira Pérez; 2º premio: Belén Chorén Sánchez; 3º premio: María Isabel Santos Martínez**

La exposición

Simbiosis, Sinergia, Armonía, Despertar

El Espazo Anexo del MARCO acoge una muestra de los trabajos presentados en esta XXIV edición del Maratón en torno a los cuatro temas propuestos: *Simbiosis, Sinergia, Armonía, Despertar*. De todas las obras presentadas, un jurado de selección eligió **17 series** que se exponen en formato panel, junto a las obras presentadas por todos los participantes, que se exhiben también en un formato menor. La muestra, que permanecerá abierta hasta mediados de enero, es un referente para gran cantidad de personas aficionadas a la fotografía, participantes o no en el maratón. Una oportunidad para disfrutar de un conjunto de imágenes diversas en sus características formales y técnicas, y para comprobar el modo en que cada participante ha elegido representar los cuatro temas con originalidad y coherencia.

El Maratón Fotográfico y la AFG

La Agrupación Fotográfica Galega, fundada en 1946 y abierta a todos los amantes de la fotografía y del cine, fue pionera en Galicia y ha venido desarrollando desde entonces una importante labor, con actividades de formación y divulgación como cursos de fotografía o encuentros sobre foto y cine. Fue en 1995 cuando la AFG organizó su primer Maratón Fotográfico 'Concello de Vigo'. A partir de ahí, el Maratón nunca ha dejado de celebrarse, si bien cambió varias veces de espacio de exposición, evolucionó en su formato y duración, y se adaptó a los cambios derivados de los avances técnicos y de la fotografía digital. Hoy en día, abierto a la participación de cualquier persona interesada y aficionada a la fotografía, el certamen se articula en torno a cuatro ejes: 24 horas de duración, 4 temas propuestos por la organización, 20/25 series seleccionadas, y 3 series ganadoras.